

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas.** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Si responde más preguntas de las permitidas, **solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.***

PREGUNTA 1. Desenvolva un dos dous temas seguintes: / *Desarrolle uno de los dos temas siguientes:*

1.1. O teatro clásico. Características e autores principais. / *El teatro clásico. Características y autores principales. (5 puntos)*

1.2. As teorías da interpretación. Características principais de cada unha. / *Las teorías de la interpretación. Características principales de cada una. (5 puntos)*

PREGUNTA 2. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. / *Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)*

ACTO IV

Una de las salas en casa de Sorin, transformada en despacho por Konstantín Trepliov. Puertas a derecha e izquierda que conducen a las habitaciones interiores. En el centro una puerta de cristales que da a la terraza. Además del mobiliario usual en una sala, hay en el rincón de la derecha una mesa de escribir, junto a la puerta izquierda una cama turca y una estantería con libros. Hay más libros en las ventanas y en las sillas. Anochece. La habitación está alumbrada por una lámpara con pantalla. Penumbra. Se oye el ruido que hace el viento en los árboles y las chimeneas. Un guarda da ligeros golpes en el jardín.

(Entran MEDVÉDENKO y MASHA.)

MASHA (*Llamando.*). ¡Konstantín Gavrílych! Konstantín Gavrílych! (*Mirando a su alrededor.*) Aquí no hay nadie. El viejo no para de preguntar a cada momento: ¿dónde está Kostia, dónde está Kostia?... No puede vivir sin él.

MEDVÉDENKO. Tiene miedo de estar solo. (*Escuchando.*) ¡Qué tiempo tan atroz! Así llevamos desde hace ya casi dos días.

MASHA (*Avivando la luz de la lámpara.*). Hay olas en el lago. Y son enormes.

MEDVÉDENKO. Ahí fuera está oscuro como boca de lobo. Habría que decir que desmontaran ese teatro del jardín. Está feo y desnudo como un esqueleto, y el telón no hace más que dar golpetazos en el viento. Cuando anoche pasé junto a él, me pareció que alguien estaba llorando dentro.

MASHA. Anda, hombre...

(Pausa.)

MEDVÉDENKO. Vámonos a casa, Masha.

MASHA (*Diciendo que no con la cabeza.*). Me quedo aquí a pasar la noche.

MEDVÉDENKO (*Implorante.*). ¡Masha, vámonos a casa! Puede ser que el nene tenga hambre.

MASHA. ¡Qué tontería! Matrona le dará de comer.

(Pausa.)

MEDVÉDENKO. Me da lástima. Esta es la tercera noche que pasa sin su madre.

MASHA. ¡Pero qué insufrible estás! Antes, por lo menos, filosofabas de vez en cuando, pero ahora dale que dale con el nene y la casa, el nene y la casa... Y no abres la boca para decir otra cosa.

MEDVÉDENKO. ¡Anda, vamos, Masha!

MASHA. Vete tú.

MEDVÉDENKO. Tu padre no me da los caballos.

MASHA. Sí te los da. Pídeselos y te los dará.

MEDVÉDENKO. En fin, supongo que tendré que pedírselos. ¿Vendrás mañana entonces?

MASHA. *(Tomando rapé.)*. Bueno, sí, mañana. ¡Pues sí que estás pesado!... *(Entran TREPLIOV y POLINA. TREPLIOV trae almohadas y una manta y POLINA unas sábanas; ponen todo ello en la cama turca. TREPLIOV va a la mesa y se sienta.)* ¿Para qué es eso, mamá?

POLINA. Piotr Nikoláyevich ha pedido que le pongamos en el cuarto de Kostia.

MASHA. Deja que yo... *(Hace la cama.)*

POLINA. *(Suspirando.)*. Los viejos son como los niños... *(Se acerca a la mesa, pone los codos en ella y mira el manuscrito. Pausa.)*

MEDVÉDENKO. En fin, me voy. Adiós, Masha. *(Le besa la mano a su esposa.)* Adiós, madre. *(Quiere besarle la mano a su suegra.)*

POLINA *(Irritada.)*. ¡Hala! ¡Vete con Dios!

MEDVÉDENKO. Adiós, Konstantín Gavrílych.
(TREPLIOV le da la mano en silencio.)

POLINA *(Mirando el manuscrito.)*. Nadie hubiera pensado..., ni siquiera sospechado..., que usted, Kostia, acabaría siendo un escritor hecho y derecho. Y he aquí que ahora, gracias a Dios, las revistas empiezan a mandarle dinero. *(Le pasa la mano por el pelo.)* Además, se ha puesto usted muy guapo... Kostia, querido Kostia, usted que es tan bueno, ¿no podría estar más cariñoso con mi Máshenka?

MASHA *(Haciendo la cama.)*. Déjale, mamá.

POLINA *(a TREPLIOV.)*. ¡Es una muchacha tan dulce! *(Pausa.)* Lo único que necesita una mujer es que la miren con afecto. Lo sé por experiencia.
(TREPLIOV se levanta de la mesa y sale sin decir nada.)

MASHA. ¡Ya ves! ¡Le has puesto de mal humor! ¿De qué vale incomodarle?

POLINA. Es que me das lástima, Máshenka.

Fragmento de *La Gaviota*, de Chéjov

PREGUNTA 3. Desenvolva un dos dous temas seguintes: / Desenvolva uno de los dos temas siguientes:

3.1. O teatro contemporáneo. Características e autores principais. / *El teatro contemporáneo. Características y autores principales. (5 puntos)*

3.2. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo. / *Diseño de un espectáculo: equipos, fases y áreas de trabajo. (5 puntos)*

PREGUNTA 4. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. / *Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)*

ESCENA SEXTA

Estamos outra vez no patio onde están estendidos os feixóns.

Sor Einés e Tareixiña escollen os feixóns anicadas no chan. Sor Elvira repasa coas mans os feixóns xa escollidos, sentada nun escano.

A mesma luz brillante e de trono.

SOR ELVIRA: Bendito sexa o noso neno san Paio que nos mandou unha anada tan boa de feixóns.

SOR EINÉS e TAREIXIÑA: Bendito sexa.

SOR ELVIRA: Nunca se vira en Albeos cousa igual a estes feixóns. Grandes como foi a fe de san Paio, saniños como era o seu corazón cando Abderramán III llo arrincou, branquiños como tiña el a súa alma.

TAREIXIÑA: E vostede coñeceu o Neno Mártir, sor Elvira?

SOR EINÉS: E como ía coñecelo, Tareixiña! O neninho martirizárono en Córdoba o 26 do mes de San Xoán do ano 925. Bota contas! Vai para seiscentos anos. Sor Elvira é vella pero non tanto.

TAREIXIÑA: Mi madriña, que enganada estaba! Como sempre dicides que sor Elvira era da familia do neninho mártir...

SOR ELVIRA: Eu ser son da mesma caste de san Paio, pero non o coñecín. Nin eu, nin miña nai, nin miña avoa, que coñecía todos os curmáns que tiñamos, aínda que fosen de ben lonxe... Quen sabe cando morreu o último da casa que o coñeceu!

ABADESA (*entra en escena moi enfadada*): Pero aínda non acabastes de escoller os feixóns?

SOR ELVIRA: Estamos cos ultimíños.

ABADESA: Cos ultimíños xa estabades onte á tarde. Moi malos deben estar de escoller! Achéganse cada vez máis os tronos pola banda de Melgaço. Estades xordas ou non escoitades co balbordo da conversa? Non sabedes traballar caladas? Aproveitade para pensar nos vossos pecados e escollede lixeiras! Bulide!

SOR EINÉS: Mentres Tareixiña e sor Elvira rematan este último ferrado que nos falta vou eu levando os escollidos para dentro.

A abadesa mete as mans nos ferrados xa escollidos e saca un. Dá unha patada no chan con forza, levada pola carraxe.

ABADESA: Veña aquí, sor Einés!

SOR EINÉS: Pouso estes alá e xa volvo.

ABADESA: Non lle dixen que os pousase alá e volvese. Díxenlle que viñese aquí! Agora! Non falo con papas na boca. Enténdeseme ben se se pon atención no que digo.

Sor Einés pousa o ferrado e vai cara á abadesa con certo medo.

Que é isto?

SOR EINÉS: Un feixón.

A abadesa volve dar unha patada no chan.

ABADESA: Non me tire do xenio, sor Einés. Non me tire do xenio. Que é isto?

SOR EINÉS: Un feixón que... ten bicho. Mais é un bichiño moi pequeno que case non se ve.

ABADESA: Ooooooi, que antona ten! Un bichiño moi pequeno que case non se ve! E logo como o vin eu!? Xa se sabe que os bichos dos feixóns non son miñocas! Sor Elvira é máis vella que as campás do mosteiro e non ve un burro a tres pasos aínda que ornee cara a ela. Tareixiña anda co sentido a compoñer pensando na regalía do pazo no que se criou, que aínda lle acorda. Pero vostede? Vostede, sor Einés, que fai vostede? Poña sentido nas cousas! Que quere? Que gardemos os feixóns con bicho, que se piquen todos e se perda a anada enteira? Ver o mosteiro de San Salvador de Albeos polo chan? Quere que se perda a gloria do mosteiro que se ergueu para honrarmos a memoria de san Paio?

SOR EINÉS: Non, señora. Non quero tal.

Óese un trono moi preto.

Fragmento de *As desterradas*, de Carme Varela